



PLAN DIGITAL

CPI “VIRXE DOS REMEDIOS” Castro Caldelas

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Código do centro	32003643
Nome do centro	CPI “Virxe dos Remedios”
Enderezo do centro	O Toural. Castro Caldelas. 32760. Ourense.
Teléfono do centro	988 203 089
Web do centro	https://www.edu.xunta.gal/centros/cpivirxeremedios
Email do centro	cpi.virxe.remedios@edu.xunta.gal
Oferta Educativa	Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria

Datos estadísticos <i>(fonte información: PXA 2021-2022)</i>	Etapa Educativa	No.Profesorado	No.Alumnado
	Educación Infantil	2	19
	Educación Primaria	7	42
	Educación Secundaria Obrigatoria	11	26
	Otros (PT, AL, Relixión...)	4	
	TOTAL	24	87

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro
(fonte información: PEC e actualización datos INE)

O centro está ubicado no concello de Castro Caldelas e na comarca de Terras de Caldelas. A procedencia do alumnado. A procedencia do alumnado xeralmente ven sendo dos concellos que abaixo se expresan:

Concello	Superficie	No.Parroquias	Poboación (2021)
Castro Caldelas	87,6 km ²	16	1182 (Homes:599; Mulleres:583)
Parada de Sil	62,4 km ²	9	544 (Homes:288; Mulleres:256)
Montederramo	135,6 km ²	12	705 (Homes:378; Mulleres:327)
Chandrexa de Queixa	171,8 Km ²	18	482 (Homes:263; Mulleres:219)
A Teixeira	27,6 km ²	8	336 (Homes:172; Mulleres:164)

A Comarca de Terras de Caldelas é unha comarca eminentemente rural que amosa os seguintes rasgos:

Poboación	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Distribución bastante igualada en xeral entre homes e mulleres dos censos poboacionais ✓ Envellecemento demográfico. Crecemento vexetativo baixo. Por idades, predominio da franxa poboacional dos maiores de 70 anos. ✓ Crecemento demográfico negativo en xeral na zona ✓ Segundo a actividade económica, o sector servizos é o que proporciona maior cantidade de ocupacións seguido da agricultura. Moi escasa a poboación con ocupación na industria.
Economía	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Existencia dunha importante cabana de gando vacún, caprino, lanar e porcino ✓ Importancia de explotación forestal así como da recollida da castaña nos soutos de Parada de Sil. ✓ Importancia da agricultura. Explotacións agrarias en xeral minifundistas e existencia de pastizais de maior extensión. Variedade de cultivos segundo a latitude. Importancia da plantación da vide, valorizada coa denominación de orixe da Ribeira Sacra. ✓ O comercio desenvólvese xeralmente en negocios familiares ✓ Desenvolvemento dun turismo rural sensibilizado co entorno natural e artístico da comarca.

Contexto resultante da Enquisa ás familias sobre Equipamento e Competencia Informática (fonte información: PXA 2021-2022)

Etapa educativa	Non teñen Internet	Non teñen ordenador
Infantil	3	3
Primaria	9	10
ESO	3	0

Incardinación do Plan Dixital nos proxectos do centro:

Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	<ul style="list-style-type: none"> ✓ O Plan Dixital desenvolve fundamentalmente de forma directa -sen prexuízo da súa incidencia noutros- o obxectivo seguinte do PEC: <i>“Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso educativo”</i>
Contribución a Programación Xeral Anual do curso 2021-2022	<ul style="list-style-type: none"> ✓ A realización do Plan Dixital estaba prevista no obxectivo específico b) da PXA 2021-2022 ✓ O Plan Dixital contribúe a “Optimizar os recursos e servizos dixitais educativos que nos oferta a Consellería” previsto como obxectivo específico e) na PXA 2021-2022
Contribución aos obxectivos do Departamento de Orientación	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Contribución ao seu obxectivo de “Iniciar o deseño dun Plan de Transformación Dixital que afonde na integración didáctica das TIC e da Educación Dixital, para toda a comunidade educativa do centro.”

1.3. Breve xustificación do mesmo


O marco normativo que promove e regula a elaboración do Plan Dixital do Centro ven expresado nas seguintes disposicións:

- ✓ Arts.111 bis 5 e 121.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, tendo en conta as modificacións na súa redacción introducidas pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.
- ✓ A Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso 2021-2022
- ✓ A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Na súa elaboración tiveronse en conta tamén os seguintes marcos referenciais:

- ✓ Os marcos europeos DigComp, DigCompOrg e DigCompEdu, Digital Education Action Plan 2021-2027 da Comisión Europea
- ✓ A Resolución de 2 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publicou o Acordo da Conferencia Sectorial da Educación sobre o marco de referencia da competencia dixital docente así como a súa actualización na recente Resolución do 4 de maio de 2022
- ✓ As estratexias Galicia Dixital 2023 e Educación Dixital 2030, o Decreto 123/2021, de 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a súa certificación.

1.4. Proceso de elaboración



2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conectividade e Infraestruturas de voz e datos do centro

A participación do centro no convenio “Escolas conectadas” e as xestións da Consellería de Educación a través de AMTEGA buscan acadar o acceso á banda ancha ultrarrápida que favoreza a súa completa dixitalización e que a conexión a Internet poida ser empregada simultaneamente por docentes, persoal administrativo e alumnado sen esperas nin cortes non axeitados.

Os centro está integrado dentro da Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia (RCDXG), unha rede privada, segura e de alta capacidade que conecta ao centro educativo coa administración e cos servizos centrais.

A rede interna do centro educativo segue unha topoloxía de tipo árbore e componse de:

-O **armario rack principal** atópase no edificio de Secundaria. Neste armario atopamos:

--**router**, que xestiona o acceso e a conexión de toda a rede interna do centro coa Rede Corporativa da Xunta a través das liñas de datos contratadas pola propia Xunta de Galicia cos distintos provedores de internet que dan servizo nos centros educativos

--o **switch principal** ou **switch Abalar** na que converxe toda a rede interna do centro educativo e ao que está conectado o router

--O **servidor do centro**, que forma parte da estrutura dos centros Abalar/Edixgal
switchs secundarios ubicados no propio armario principal

-**Outro/s armario/s rack/s secundario/s** nos edificios de primaria e secundaria onde se desenvolve a distribución da rede a traves de switchs secundarios

-**42 puntos de acceso cableado** á rede distribuidos ao longo das aulas e despachos do edificio de primaria e **5 puntos de acceso WIFI** nese mesmo edificio

-**44 puntos de acceso cableado** á rede distribuidos ao longo das aulas e despachos do edificio de secundaria e **7 puntos de acceso WIFI** nese mesmo edificio.

Os puntos de acceso WIFI que dan cobertura ao centro emiten dúas sinais SSID:

-a conexión WIFI ABALAR é unha conexión DHCP automática para os equipos Edixgal controlada en remoto polos servizos centrais

-a conexión WIFI edu.xunta.gal é unha conexión que require configuración e autenticación corporativa

Equipamento en activo dispoñible nas aulas do centro

Edificio	Produto	Total Unidades	Adquisición polo centro	Entregas da Xunta
Secundaria	247417-Videoproxector	7	0	7
Secundaria	247416-Pizarra Dixital Interactiva	6	1	5
Secundaria	247052-Ordenador Portátil	8	1	7
Secundaria	247520-Ordenador Personal Sobremesa	21	5	16
Secundaria	Armarios de Carga	2	0	2
Primaria	247417-Videoproxector	4	1	3
Primaria	247416-Pizarra Dixital Interactiva	5	2	3
Primaria	247052-Ordenador Portátil	2	0	2
Primaria	247520-Ordenador Personal Sobremesa	18	17	1
Primaria	Armarios de carga	2	0	2

Grao da antiguedade dos ordenadores dispoñibles nas aulas e despachos do centro:

Procesador	Data lanzamento	Núm.Ordenadores
Intel(R) Core(TM) 2 Duo T7300 CPU @ 2.00 GHz	2007-trimestre 2	1
Intel Pentium(R) Dual Core T4300 CPU @ 2.10 GHz	2009-trimestre 2	1
Intel(R) Core(TM) i3 M350 CPU @ 2.27 GHz	2010-trimestre 1	2
Intel(R) Core(TM) i5-2410M CPU @ 2.30 GHz	2011-trimestre 1	2
Intel 64 Family 6 Model 60 Stepping 3	2012-trimestre 1	1
Intel(R) Core(TM) i5-3470T CPU@ 2,90 GHz	2012-trimestre 2	1
AMD FX(TM)-4130 Quad-Core @ 3.60 GHz	2013-trimestre 1	1
Intel(R) Core(TM) i5-4570T CPU @ 2.90 GHz	2013-trimestre 2	16
Intel(R) Core(TM) i5-4210M CPU @ 2.60 GHz	2014-trimestre 2	2
Intel(R) Core(TM) i5-4210U CPU @ 1.70 GHz	2014-trimestre 2	2
Intel(R) Core(TM) i5-4460 CPU @ 3.20 GHz	2014-trimestre 2	3
Intel(R) Core(TM) i5-4590 CPU @ 3.30 GHz	2014-trimestre 2	16
Intel(R) Core(TM) i3-8100 CPU @ 3.60 GHz	2017-trimestre 4	1

Equipamento dispoñible ao profesorado e alumnado polo programa EDIXGAL:

Edificio	Produto	Total unidades
Primaria	247429-Equipo do alumnado	18
Secundaria	247429-Equipo do alumnado	28
En reserva	247429-Equipo do alumnado	7
Primaria	247430-Equipo do profesor	6
Secundaria	247430-Equipo do profesor	11

Servizos Dixitais

Prestacións de asistencia técnica por CXR, UAC e Servizo Premium de EDIXGAL relativa á conexión, equipamento aulas dixitalizadas, maqueta ABALAR e entornos virtuais de aprendizaxe Aula Virtual e EDIXGAL. Prestacións de asistencia técnica por unha empresa informática privada para o mantemento do equipamento de adquisición propia do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.2.1.-Autoavaliación SELFIE

Entre os días 1 e 15 de decembro de 2021, o equipo directivo, o profesorado e alumnado do centro realizou un cuestionario como ferramenta de diagnose elaborada pola Comisión Europea (SELFIE) polo que se recollía o grao de valoración e satisfacción (nunha escala 1-5) sobre items baseados nos descritores do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), amosando no noso centro os seguintes resultados:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8	3.5			
	Profesorado	4.0	4.3			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.4	3.0			
	Profesorado	3.7	3.9			
	Alumnado	3.5	3.6			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.7	3.7			
	Profesorado	3.8	4.3			
	Alumnado	4.1	4.0			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.0	3.9			
	Profesorado	4.2	4.6			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1	3.9			
	Profesorado	3.9	4.3			
	Alumnado		4.0			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.1	3.7			
	Profesorado	3.3	3.7			
	Alumnado	3.9	3.6			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.6	3.6			
	Profesorado	3.3	3.3			
	Alumnado		3.4			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.6	3.0			
	Profesorado	3.7	3.3			
	Alumnado	4.0	3.7			

2.2.2.-Test CDD ou SELFIE FOR TEACHERS

No mes de febreiro de 2022, o profesorado deste centro realizou o test de competencias docentes que como ferramenta de autodiagnose elaborou a Comisión Europa (SELFIE FOR TEACHERS ou Test CDD) baseada nos descritores do Marco Europeo para a Competencia Dixital Docente (DigCompEdu), amosando no noso centro os seguintes resultados:

a) Perfil do profesorado participante

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	14	92,90%
INTERINO	6	6	100,00%
OUTROS	1	1	100,00%
PROVISIONAL	3	3	100,00%
SUBSTITUTO	5	5	100,00%

b) Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
85,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

c) Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	84,7	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
PRI	89,3	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)
ESO	85,8	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)

d) Distribución do profesorado por niveis competenciais

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0,0%
A2	7	25,0%
B1	14	50,0%
B2	4	14,3%
C1	2	7,1%
C2	1	3,6%
TOTAL	28	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir dos resultados acadados nas ferramentas de diagnose antes referidas (SELFIE e tCDD), o centro realizou unha análise DAFO coa que achegarse ao coñecemento da realidade do centro no eido dixital que facilite logo a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. As valoracións acordadas coa análise DAFO foron as seguintes:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Grazas a que o centro pertence á rede Edixgal, o alumnado dispón de cadanseu ordenador portátil, proporcionado polo centro 2.O centro facilita o acceso á Internet para o proceso de ensinanza e aprendizaxe 3.Ao dispor o alumnado do equipo proporcionado polo centro non precisa traer o seu propio dispositivo 4.Disponibilidade de espazos físicos que facilitan a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Descoñecemento das medidas para identificar dificultades xurdidas coa aprendizaxe mixta 2.Non todo o alumnado (infantil e 1º-4º primaria) dispón dun equipo portátil que poida traer ao centro 3.Dado que, ata o presente curso, son poucos os alumnos/as matriculados/as con necesidades educativas especiais, o centro non dispón das tecnoloxías asistenciais adecuadas para os atender
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1.Nestes intres o profesorado e o alumnado do centro son usuarios das novas tecnoloxías dixitais. O profesorado colabora e apoíase no emprego das novas tecnoloxías dixitais 2.No centro selecciónanse e utilízanse recursos dixitais en liña. En xeral créanse recursos dixitais par empregar nos procesos de ensino-aprendizaxe. No centro en xeral empréganse Recursos Educativos Abertos. 3.Hai interese no centro en traballar o comportamento responsable no emprego das novas tecnoloxías. Todo o centro considera que temos un comportamento responsable e seguro no manexo das novas tecnoloxías. 4.Aténdese ás necesidades de DPC. Hai posibilidades de formación. Posibilitanse os intercambios de experiencias. 5.Segundo a opinión do profesorado, somos quen de aprender empregando as novas tecnoloxías 6.No centro está xeralizado o emprego de entornos virtuais de aprendizaxe 7.O profesorado tenta buscar que os recursos e as actividades dixitais empregadas sexan atractivas para o alumnado. Fóméntase a creatividade e empréganse actividades interactivas co uso de distintas apps que melloran a colaboración estudiantil. 8.O centro adáptase ás necesidades do estudiantado con actividades dixitais individualizadas que fomentan a autonomía do alumnado. Atención e ensino individualizado na resolución de dúbidas e no emprego das tecnoloxías aplicadas á avaliación 	<ol style="list-style-type: none"> 1.O profesorado dispón de pouco tempo, sobretudo en primaria, para implementar as novas estratexias dixitais 2.Pouco coñecemento/información/formación sobre os dereitos de autor e as licenzas de uso. No centro hai unha falta de uso de dereitos de autor e licenzas tanto no emprego como á hora de compartir recursos dixitais. 3.Hai necesidade de formación no profesorado respecto de como mellorar nos coidados da práctica responsable coas novas tecnoloxías 4.Necesitamos mellorar o desenvolvemento na competencia dixital docente, tanto a nivel individual como grupal 5.O profesorado debe implementar actividades e contidos dixitais de creación propia específicos da contorna 6.O profesorado amosa necesidade de maior formación na xestión e protección dos recursos educativos 7.Coavaliación escasa entre o alumnado 8.Falta de implementación de instrumentos de avaliación dixitais entre o profesorado principalmente pola escaseza de alumnado e un trato individualizado con eles 9.Baixo emprego de métodos de feedback ou retroalimentación co alumnado 10.Falta de seguemento na avaliación formativa do alumnado a través das ferramentas dixitais 11.Inexistencia das ferramentas dixitais na avaliación inicial
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1.O profesorado considera que o alumnado emprega diferentes habilidades dixitais nas materias 2.O alumnado do centro valora positivamente o traballo colaborativo e a creatividade empregada nas actividades dixitais 	<ol style="list-style-type: none"> 1.O profesorado considera que o alumnado debe mellorar na seguridade e responsabilidade no manexo das novas tecnoloxías 2.Necesitamos mellorar na verificación da información que recibe o alumnado a través da rede 3.O alumnado non valora como suficientemente atractivo os recursos e actividades dixitais empregadas polo profesorado 4.Prexuízos e falla dun ambiente positivo nas aulas dificultan o ambiente colaborativo entre o alumnado 5.A falta de interés e motivación por parte do alumnado dificulta as experiencias de autoregulación e autoavaliación da aprendizaxe coas novas tecnoloxías
	FAMILIAS		<ol style="list-style-type: none"> 1.Baixa implicación por parte do alumnado e as súas familias nos avances dixitais educativos 2.Falta de preparación dixital en xeral das familias
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1.O equipo directivo e o profesorado perciben que no centro contamos sen dúbida cunha estratexia dixital, pero esta é mellorable e débese concretar 2.O centro non amosa dificultades á hora de levar a cabo unha correcta comunicación entre os diferentes sectores 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Non existe unha reflexión axeitada, meditada e suficiente, sobre o uso das novas ferramentas dixitais 2.A avaliación dos progresos en materia de ensinanza-aprendizaxe empregando as tecnoloxías dixitais son escasos ou inexistentes 3.A colaboración/comunicación con outras institucións é escasa. Debe potenciarse e mellorarse. 4.Debemos incorporar intercambios de coñecementos e materiais nas diferentes áreas 5.No centro hai unha falta de proxectos e tarefas interdisciplinares nas diferentes materias, sobretudo no nivel de ensino secundario. 6.O centro non posúe nin a formación ni o tempo suficiente para realizar actividades de programación/codificación 7.Na Educación Primaria hai unha falta de utilización de repositorios e uso de bibliotecas virtuais en liña 8.Habería que mellorar a nivel de centro a colaboración empregando as novas tecnoloxías coas familias e con distintas institucións alleas ao centro

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1.O ter que elaborar o Plan Dixital do Centro, como instrumento para a mellora 2.Ser centro edixgal 3.Ser centro da Rede Dixital Galega 4.A inspección educativa facilita, asesora e colabora 5.Dispor dun mentor ADIX no noso centro 6.Temos ao noso alcance formarnos a nivel particular e por medio da Consellería. Tamén podemos intercambiar experiencias entre o profesorado. 7.O centro ten oportunidades de realizar actividades de aprendizaxe nas que o alumnado aprenda a resolver problemas técnicos 8.A posibilidade de aproveitar recursos de programación como o espazo maker da biblioteca 9.Fomento do coñecemento das ferramentas de avaliación dixital, da coavaliación e autoavaliación empregando as novas tecnoloxías. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Que o Plan Dixital do Centro poida quedarse só nun documento sen utilidade 2.A administración educativa satura ao profesorado cunha gran cantidade de tarefas administrativas que restan tempo para o importante 3.Os entornos virtuais de aprendizaxe corporativos da Xunta son pouco atractivos e motivadores para o alumnado máis novo do centro 4.Centrar todo o noso potencial como educadores nas actividades dixitais e esquecer outro tipo de actividades nas que se traballen sentimentos, valores e prácticas que poidan perderse no marco da educación dixital 5.Reticencias do profesorado ao cambio dunha avaliación analóxica á dixital 6.Desánimo dos docentes ante a carga de traballo que conleva a dixitalización da avaliación 7.Falta de fondos a longo prazo para renovar os equipos dixitais tanto do centro como do alumnado
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1.Descoñecemento por parte do profesorado e do alumnado da lexislación relativa á protección de datos
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1.Poucos alumnos por aula. Isto tamén favorece o acceso a materiais e equipos dixitais 2.comenzar desde as idades máis temperás co uso de recursos dixitais xa que a carreira dixital está cada vez máis presente nos centros educativos da nosa comunidade 	<ol style="list-style-type: none"> 1.dificultades para o acceso a internet. Conexión non fiable na contorna rural do centro. A non mellora de infraestruturas dixitais no mundo rural no que viven a meirande parte do noso alumnado e familias. 2.O escaso nivel de alfabetización dixital dalgúns das nosas familias 3.Ausencia dun plan para axudar aos profesores/as a afrontar os desafíos relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico 4.O perigo que supón non verificar a información e non facer un uso responsable e seguro das novas tecnoloxías 5.A utilización de recursos externos nos cales poidan os alumnos/as meter datos persoais dos que logo se faga un mal uso deles.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1.Dispor dun técnico informático que vén os venres para a solución de problemas técnicos 2.Existen moitas ofertas formativas en proxectos nos que o centro pode apuntarse para traballar con tecnoloxías emerxentes 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Ausencia de repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”:							
OBXECTIVO (1):	01. Incorporar recursos dixitais especializados para o alumnado con NEAE					Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento Orientación, titores e especialistas que interveñen directamente co alumnado					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	01A. Dotación do centro de aplicacións axeitadas ás necesidades específicas do alumnado						
Valor de partida (3)	Non hai neste intre aplicación algunha nesta liña						
Valor previsto e data (4)	Ter garantido o equipamento preciso ao menos para o ámbito comunicativo				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01A.1: Identificación do alumando con NEAE, a través da avaliación psicopedagóxica.	Xefe D.O ; PT e AL; EOE; Titores dos alumnos/as	3 outubro	Persoais. (tanto internos como externos ao centro) Materiais: algún test de diagnose que sexa preciso aplicar para complementar a información.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01A.2: Priorización de aspectos concretos a traballar. (comunicación, autonomía, atención...)	Xefe D.O ; Tirores do alumnado, PT e AL	21 outubro	Persoais (internos , externos...)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01A.3: Elaboración de Programas de Intervención, para cada alumno /a con NEAE en base as súas necesidades, onde se establecerá que tipo de recursos especializados van ser necesarios.	PT , en coordinación con D.O , tutores y demás especialistas.	21 outubro	Persoais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	01B. Profesorado formado para a implementación das aplicacións axeitadas para o alumnado NEAE					
Valor de partida (3)	0,00% do profesorado					
Valor previsto e data (4)	100% de PT, AL e profesorado de Ed.Infantil e Primaria; 25% profesorado secundaria			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01B.1: Adquisición de tabletas dixitais, facendo a selección das diferentes apps necesarias, outro tipo de recursos dixitais como facilitadores de acceso á información...	Equipo directivo	2 novembro	Fondos económicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01B.2: Formación específica do profesorado no manexo dos recursos dixitais adquiridos (aplicativos dixitais, software,...)	Equipo directivo, departamento de orientación, pt, al, titores, especialistas,...	1 de decembro	Persoal externo especialista no manexo deste tipo de aplicativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:							
OBXECTIVO (1):	02. Fomentar a formación do profesorado para o emprego dos Entornos Virtuais de Aprendizaxe					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital do Centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	02A. Emprego do calendario, foro, libro dixital e libro de cualificacións do Entorno Virtual de Aprendizaxe						
Valor de partida (3)	40% do profesorado sabe empregalo						
Valor previsto e data (4)	100% profesorado desde 5º Ed.Primaria ata 4º ESO coñece e emprega				Outubro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A02A.1: Convocatoria e realización de espazos formativos co profesorado para ensinar ao manexo do calendario, foro, libro dixital e libro de cualificacións en Edixgal e na Aula Virtual	Responsable de Formación	Fins de setembro 2022	Os portátiles de traballo asignados a cada profesor, plataformas EVA e AV, conectividade internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02A.2: Configuración dos elementos anteriores nos cursos de cada profesor/a que vai empregar no curso 2022-2023	Cada profesor/a	Fins de setembro 2022	Os portátiles de traballo asignados a cada profesor, plataformas EVA e AV, conectividade internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02A.3: Acompañamento ao profesorado no emprego real co alumnado dos elementos anteriores referidos	Responsable de formación	Fins de Outubro 2022	Os portátiles de traballo asignados a cada profesor, plataformas EVA e AV, conectividade internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	02B. Actividades de creación propia a levar á práctica co alumnado					
Valor de partida (3)	Case ningunha, empréganse sobretudo tan só as dos libros dixitais					
Valor previsto e data (4)	Unha actividade de creación propia por cada unidade temática do curso			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02B.1: Oferta dun espazo de formación ao profesorado para a análise mediante a creación e proba de actividades realizables na contorna de moodle da AV e/ou Edixgal	Responsable do PFPP	Ao termo do 2º trimestre do curso 2022-2023	Conexión á AV e/ou Edixgal Portátil do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02B.2: Selección e adaptación dunha actividade das referidas no epígrafe anterior para os contidos de cada unha das unidades temáticas que temos nos nosos cursos da AV e/ou Edixgal	Cada profesor/a do centro	Ao termo do 3º trimestre do curso 2022-2023	Plataforma AV/Edixgal empregada nos curso do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02B.3: Posta en común da implementación e resultados acadados en xeral coas actividades escollidas (dificultades, vantaxes e desvantaxes, logros acadados, etc)	Responsable do PFPP	Ao termo do 3º trimestre do curso 2022-2023	Conexión á AV e/ou Edixgal Equipo informático conectado a un proxector e pizarra		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO (1):	03. Conseguir que exista traballo colaborativo entre os departamentos e entre o alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefes/as de Departamento e Titores/as				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades interdisciplinares e por proxectos (mesmo vencelladas ás actividades complementarias e extraescolares)					
Valor de partida (3)	Case ningunha					
Valor previsto e data (4)	Garantir ao menos dúas por trimestre			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Deseño de actividades interdisciplinares asociadas a actividades complementarias ou datas representativas: Nadal, Entroido...	Xefes/Xefas de departamento. Alomenos dúas áreas de coñecemento por actividade. Pode coordinar o responsable de actividades complementarias do CPI.	Fin de curso de 2023. Comprobar parcialmente en cada trimestre.	Ordenadores Edixgal, biblioteca e aula de tecnoloxía.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Establecemento de grupos de investigación entre o alumnado de cada aula para desenvolver un pequeno proxecto por curso: ODS, características da contorna....	Titores de cada aula.	Fin de curso 2023. Comprobar parcialmente por trimestre.	Ordenadores Edixgal, biblioteca e aula de tecnoloxía. Recursos da contorna: biblioteca do Concello, Castelo, recursos naturais....		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Deseño dunha actividade que implique a totalidade das diferentes etapas educativas do centro. Ex.: deseño dalgunha actividade dos rapaces de secundaria para os de primaria e infantil.	Coordinador/a de actividades complementarias e extraescolares.	Fin de curso 2023	Ordenadores Edixgal, biblioteca e aula de tecnoloxía uso de pantallas dixitais das aulas nas que se desenvolva a actividade.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO (1):	04. Implementar o uso dun maior número de potencialidades das pizarras dixitais interactivas máis aló de somentes pantallas de proxeccións e engadir experiencias de realidade virtual					Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro de profesores/as					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Materias que empregan as potencialidades das pizarras dixitais interactivas e/ou dispositivos da realidade virtual						
Valor de partida (3)	25% de materias						
Valor previsto e data (4)	100% de materias				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A04.1: Coñecer o software básico das PDI do centro, para ser quen de: calibrar, abrir e cerrar pestañas, ferramentas de escritura, capturas de pantalla, teclado virtual...	Claustro. Responsable TICs Equipo directivo.	Novembro 2022	PDI Formación básica sobre o seu emprego técnico.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.2: Integrar o uso das PDI no enfoque pedagógico-didáctico de cada unha das áreas e materias que cursan os nosos alumnos e alumnas, alomenos semanalmente.	Claustro CCP e departamentos.	Xuño 2023	PDI Profesorado e alumnado do centro. Elaboración dun banco de recursos para darlle uso a PDI nas diferentes áreas/materias		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.3: Planificar unha formación previa do profesorado, estudar unha dotación inicial coa que poder ofrecer unhas primeiras experiencias de contacto coa RV ao noso alumnado en unha ou varias das áreas/materias.	Claustro. Responsable TICs Departamentos.	Xuño 2023	Formación básica inicial con relatores externos Dotación básica de acceso a RV. Búsqueda de material de RV na rede e plataformas coas que planificar as experiencias que imos a facilitar ao noso alumnado.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO (1):	05. Mellorar na seguridade e responsabilidade do alumnado no manexo das novas tecnoloxías así como tomar medidas para garantir sempre a integridade e veracidade da información que se colle de Internet				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital do Centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	05A. Espazos formativos co alumnado sobre a temática de seguridade, responsabilidade e veracidade no emprego das novas tecnoloxías					
Valor de partida (3)	Ningún nestes intres (salvo algunha charla con ocasión do Plan Director)					
Valor previsto e data (4)	Adicación de ao menos unha sesión formativa de titoría ao respecto			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05A.1:Elaborar e facer unha enquisa inicial ao alumnado sobre os problemas que está detectando na súa experiencia actual de emprego das novas tecnoloxías relacionados coa seguridade, responsabilidade e veracidade do datos.	Xefe departamento Orientación	Outubro 2022	Enquisas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05A.2:Á vista dos resultados da enquisa elaborar un curso na Aula Virtual con contidos e actividades a desenvolver co alumnado ao respecto da temática de seguridade, responsabilidade e veracidade no emprego das novas tecnoloxías.	Equipo formado por titores, responsable TICs e Plan Dixital Centro e Xefe Departamento Orientación	Novembro 2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05A.3:Desenvolvemento polos titores das actividades do curso dixital referido antes co alumnado nunha sesión de titoría ao menos por trimestre	Titores/as	Xuño 2023	Charlas titorías		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05A.4:Organización dunha actividade conxunta do centro cos cursos participantes para a posta en común de resultados acadados nas actividades levadas a cabo relativas a esta temática	Xefatura de estudos e Xefe Departamento orientación	Xuño 2023	Material habitual na aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	05B. Número de incidencias rexistradas no centro en relación á seguridade, confidencialidade e responsabilidade no uso das novas tecnoloxías					
Valor de partida (3)	Non existe rexistro					
Valor previsto e data (4)	Creación de rexistro de incidencias desta índole e número decrecente no rexistro de incidencias a medida que avanzamos de trimestres			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05B.1: Elaborar un rexistro de incidencias relativas a problemas de confidencialidade, seguridade ou responsabilidade no emprego das novas tecnoloxías nunha folla de cálculo compartida entre responsable tics, responsable departamento orientación, titores e equipo directivo do centro	Responsable TICs	Xuño 2023	Folla de cálculo compartida		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05B.2: Elaborar unha plantilla para a recollida das incidencias deste tipo de temática, e que lle permitirán recoller este tipo de incidencias sufridas polo alumnado a titores ou membros do equipo directivo, que se encargarán de subilas ao rexistro compartido delas.	Responsable TICs	Xuño 2023	Formulario compartido		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05B.3: Difundir programa de recollida de incidencias	Titores	Xuño 2023	Cartelería centro, Tutorías		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05B.4: Revisión/actualización dos contidos a traballar no curso dixital sobre esta temática nas titorías nas reunións do equipo creado ao respecto	Xefe Departamento orientación	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05B.5: Presentación ao claustro da evolución deste tipo de incidencias e análise das súas causas e medidas adoptadas	Responsable TICs	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	05C.-Número de actividades nas que se sinalan as fontes de obtención da información					
Valor de partida (3)	Ningunha					
Valor previsto e data (4)	O 80% das actividades sinalan as fontes de obtención da información			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05C.1: Formación ao alumnado sobre como se sinalan as fontes de información (citación da autoría) dos distintos contidos que se empregan para traballos (autor e orixe dunha imaxe, autor e fonte de obtención dun contido literal expresado mediante as chamadas, bibliografía consultada, etc)	Titores e profesorado en xeral	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05C.2: Protocolizar nos enunciados dos traballos que esixan esa identificación de fontes a expresa alusión a esa obrigatoriedade de sinalar esa información cunha ligazón á documentación informativa que temos a ese respecto nos nosos cursos	Claustro	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05C.3: Levar control do número de traballos que requiren esa tarefa e grao de satisfacción acadado na resposta do alumnado.	titores	Xuño 2023	Folla de cálculo compartida		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.
No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).
- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

